

SUBSECTOR PERSOAL LABORAL DA AXE
XUBILACIÓN PARCIAL
16/07/2024

A semana pasada realizamos una nova reunión do Grupo de Traballo de Xubilación Parcial, estas son as principais novidades:

Desde a CIG, levamos moito tempo solicitando na COPA información sobre os prazos de tramitación das xubilacións parciais dos diferentes Ministerios e Organismos e tamén os datos referidos ó número de solicitudes resoltas e sen resolver, así como os motivos dos atrasos dos que temos constancia.

Na última reunión deste grupo de traballo expuxemos unha serie de incidencias que vimos detectando na aplicación do acordo, entre elas destacamos:

1. **As diferentes velocidades na resolución das solicitudes**, xa que existen Ministerios e/ou Organismos que resoven axiña e outros que acumulan un gran número de solicitudes sen tan sequera iniciar o procedemento.
2. Tamén puxemos de manifesto **a lentitude dos procesos selectivos**, o fai que case nunca se poida materializar a xubilación parcial nos tres meses acordados como prazo. Ademais os centros de traballo e os seus Servizos Centrais, encargados de realizar os procesos, moitas veces non dispoñen de toda a información necesaria e non existe unha canle de comunicación áxil con Función Pública para resolver dúbidas.
3. As **ofertas de emprego** para a contratación de persoal relevista en moitas ocasións son **pouco atractivas e/ou están mal deseñadas**. Os contratos ofertados son a media xornada, con frecuencia en horarios incompatibles con outra actividade, con desprazamentos ou en especialidades nas que non hai demandantes de emprego.
4. Nalgunhas ocasións detectamos **unha enorme rixidez na aplicación do acordo** por parte das unidades de xestión e apenas se aplican algunhas das medidas que permitirían axilizar os procedementos; contratación en outras categorías ou especialidades, en diferentes localidades...

Por todo isto, no mes de maio presentamos unha serie de propostas por escrito para tratar de xeito úrxente dar solución ó exercicio do noso dereito á xubilación parcial:

- Solicitamos de novo os **datos das solicitudes e prazos de tramitación**.
- **Reclamamos a Función Pública unha maior tutela sobre o exercicio deste dereito**, sobre todo con aqueles organismos que apenas teñen resolta algunha solicitude.

acoruna.estado@cigadmon.gal

www.estado.cigadmon.gal

Telf. 881 909 821

- Propuxemos a **creación de bolsas provinciais de emprego**, principalmente para as categorías e especialidades máis comúns.
- Entendemos que é preciso **mellorar a xestión e a coordinación** cos Servizos Autonómicos de Emprego, así como a resolución de dúbidas e incidencias por parte de Función Pública.
- Resulta fundamental **mellorar as condicións laborais do persoal relevista**, por exemplo contratando a xornada completa cubrindo a dos xubilados/as parciais.
- Permitir a acumulación total de tempo dos/as xubilados/as parciais.

Na reunión que mantivemos a semana pasada Función Pública limitouse a proporcionarnos datos sobre as solicitudes presentadas e tramitadas por ministerios e despois de máis de dous anos felicítanse por que **están executadas un 58% das xubilacións parciais solicitadas** e sen propoñer medida algunha para solucionar o atasco do 42% restante.

Desde a CIG manifestamos a nosa desconformidade con esta euforia, recordámoslles que **a Xubilación Parcial é un dereito reflectido no Convenio** e nun Acordo, solicitamos outra vez os datos sobre os prazos de tramitación, imprescindibles baixo o noso punto de vista para incidir eficazmente na problemática existente, e instamos a Función Pública a realizar as accións precisas para solucionar as incidencias detectadas con carácter urgente.

Dis que toman nota e convocarán este Grupo de Traballo para o mes de setembro.

Xa podedes ver o que lles preocupa.

Seguiremos informando.

Se estades interesados en ampliar información, tedes os datos de contacto ó pé da nota.

acoruna.estado@cigadmon.gal

www.estado.cigadmon.gal

Telf. 881 909 821